

CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE CONCEDEN AXUDAS A PROXECTOS COLECTIVOS FINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO E MARÍTIMO DE PESCA E DA ACUICULTURA (FEMPA) PARA A PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DOS ECOSISTEMAS MARIÑOS MEDIANTE A RECOLLIDA DE RESIDUOS MARIÑOS E DE ARRIBAZÓNS DE ALGAS AO PROXECTO "ECONOIA 6" PRESENTADO POLA CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA, CON NIF G15030844 .

1. Con data do 12 de xuño de 2026 concédese unha axuda, financiada polo FEMPA, para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos mariños e de arribazóns de algas ao proxecto Econoia 6 da confraría de Noia.

2. Unha vez resoltas as solicitudes de axuda presentadas na convocatoria de 2026, a confraría de Noia solicitou con data 16 de xuño de 2026 a corrección dun erro na resolución que afecta a denominación dos seguintes conceptos:

Compensacións (117 persoas mariscadoras - 1 día) Recollida de residuos

Compensacións (116 persoas mariscadoras - 1 día) Recollida de residuos

Compensacións (233 persoas mariscadoras - 2 días) Recollida de arribazóns de algas

Revisado o expediente comprobouse que efectivamente, existe un erro material nos conceptos citados, os correctos serían os seguintes:

Compensacións (117 persoas mariscadoras - 1 día) Recollida de arribazóns de algas

Compensacións (116 persoas mariscadoras - 1 día) Recollida de arribazóns de algas

Compensacións (167 persoas mariscadoras - 2 días) Recollida de residuos

A corrección do mesmo supón unha axuda por un importe inferior o aplicar a limitación establecida no artigo 8 Requisitos dos proxectos de pesca de lixo no punto 2. g) " No caso de entidades que fosen beneficiarias de proxectos de recollida del lixo no período de programación de FEMP ou FEMPA, o número de persoas ou embarcacións diarias que poderán percibir unha compensación non superará a media das persoas que recolleron lixo en proxectos anteriores."

Como consecuencia da modificación no dito concepto cómpre reducir o importe concedido no concepto de Custes indirectos (máximo do 7% dos gastos directos subvencionables)

A resolución de concesión corrixida acompaña a esta corrección como **anexo I**.

3. Na mesma solicitude do 16 de xuño de 2026, solicitan unha ampliación do prazo de execución ata o 30 de novembro debido a que a maior cantidade de lixo está enterrado o asentado no sublitoral no verán e aparece nas praias cos temporais do outono.

A conselleira do Mar

P.D. Orde 21.02.2022 (DOG nº 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

